ESQUEMA- RESUMO DA UNIDADE 8: A POESÍA ACTUAL

- **A POESÍA DOS 80**

Ábrese coas obras *Herba aquí ou acolá* de Cunqueiro e *Con pólvora e magnolias* de Méndez Ferrín. É unha poesía caracterizada polo culturalismo, pola preocupación de superar o prosaísmo dotando ao poema de calidade estilística: e con influencias da literatura medieval vangardista, e da literatura doutras culturas. Emprega símbolos como *a mazá, a casa, a cinza, os espellos, a praia* ou *a illa* para desenvolver temas como o erótico, a importancia da infancia como paraíso perdido, ou o existencialismo e socialrealismo. Arredor de Vigo e da Coruña danse a coñecer colectivos e autores como: o **Grupo Rompente**, Manuel Rivas, Miguel Anxo Fernán Vello, Pilar Pallarés, Xavier Seoane ou Xavier Rodríguez Baixeras, e Ramiro Fonte entre outros.

- **A POESÍA DOS 90**

Aproveita os símbolos da poesía dos 80, e amplía e renova temas como o erótico, o paisaxístico, o saudosista e o socialrealista (ecoloxía, violencia de xénero, consumismo, etc.). Así mesmo os autores desta década (maioritariamente mulleres e moi novos ao comezaren a escribir) teñen como principal preocupación levar poesía por toda Galicia, de aí os numerosos recitais poéticos e o acompañamento da música ao texto. Isto provoca que o poema se simplifique desde o punto de vista estilístico e simbólico. Nos anos 90 xorde o discurso feminino marcado pola deconstrución de tópicos literarios, e desde o cal a autora cuestiona o amor, o sexo, os mitos femininos e o papel da muller na sociedade. Pertencen á poesía dos 90 Rafa e Miro Villar, Chus Pato, Enma Couceiro, Cristal e Oriana Méndez, Ana Romaní, Medos Romero, Lupez Gómez, Yolanda Castaño, María Dacosta, Fran Alonso, e Estevo Creus entre outros.

- **A POESÍA NA DÉCADA DE 2000**

Nestes anos encontrámonos cunha grande heteroxeneidade de temática e estilos, xa que aparecen obras dos poetas dos anos 80, 90 e as novas promocións que, de momento, continúan os parámetros da década anterior. Cada vez hai un maior aproveitamento da Rede de tal maneira que é frecuentísima a edición dixital (*Pérfida érin* de Mª do Cebreiro ou a *Illa dentro* de Rafa Villar) coa finalidade de conseguir un maior número de lectores. Tamén é frecuente a publicación da obra en CD (*De bar en bar* de Xosé C. Caneiro) e a autoedición.

ESCRITORES E OBRAS DA POESÍA DOS 80		
Caracterización	• Nados entre 1950 e 1960 • Abren un novo panorama cultural poético arredor dos 80. • Influídos pola Xeración do 50 e por Herba aquí ou acolá de	
Constitución de colectivos	• **Cravo Fondo** (1976), co libro do mesmo nome, Rodríguez Barrio, Ramiro Fonte, Fiz Vergara, Rábade Paredes, Helena Villar Janeiro, Xesús e Xulio López Várcarcel... crítican a poesía socialrealista. Tendencia ao clasicismo métrico. • **Alén** (1977), co libro colectivo do mesmo nome. Fundado en Compostela por Miguel A. Mato, Francisco Salinas Portugal e Xosé Ramón Pena... foi efémero. Influídos pola poesía urbana e a música rock. Empregaron ortografía reintegracionista. • **Dolmen** (1991), formado entre outros por Chus Pato e Millán Picouto. Superan algúns dos tópicos poéticos como o da visión paradisíaca do pasado. É o colectivo máis próximo á poesía dos 90. • **Ronseltz** (1985) desmitifica todo o que é poético. Formado por 5 poetas da Universidade da Coruña (Xabier Cordal, Manuel Cortés, Serxio Iglesias, Xoán Carlos Rodríguez e Miguel A. Montes) publican o libro colectivo *Unicornio de cenorias que cabalgas aos sábados* caracterizado polo prosaísmo, antisentimentalismo, presenza do chiste... e con influencias do dadaísmo. • **Serán Vencello** é un dos últimos da década dos 80. Entre os seus compoñentes destacan Martín Veiga ou Mª Xosé Canitrot, coa intención de abrir novos camiños.	
Constitución de Grupos poéticos	**Vigo**	**Poetas que se dan a coñecer antes dos 80**: rachan coa tradición: - Alfonso Pexegueiro (Angoares, Ponteareas, 1948): *Seraogna* (1976) predomina o versolibrismo. - Grupo de comunicación poética Rompente (1975 – 1983), os máis vangardistas e rupturistas, con Antón Reixa, Alberto Avendaño, Manuel Romón; do manifesto poético *Fóra as vosas sucias mans de Manuel Antonio* (1979); *Tres tristes tigres* (1979), así como do espectáculo «A dama que fala» (1983).
		Poetas que se dan a coñecer despois dos 80: máis líricos e clásicos na métrica (sonetos, versos alexandrinos, heptasílabos...). Apegado á tradición literaria galega. Manuel Vilanova (Barbantes, O Ribeiro, 1944), *E direi-vos eu do míster das cobras* (1980). Xabier Rodríguez Baixeras (Tarragona, 1945), *Fentos do mar* (1981). Xosé Mª Álvarzez Cáccamo (Vigo, 1950), *Praia das furnas* (1983). Román Raña (Vigo, 1960), *Retrato de sombra en outono* (1981).

		Manuel Forcadela (Tomiño, 1958), *Ferida acústica de río* (1981). Paulino Vázquez (Vilanova dos Infantes, 1962), *Perdendo o tempo como Joan Sebastian Bach* (1983). Anxo Quintela (Vigo, 1960), *Á sombra dos pavillóns* (1982)
	A Coruña	Núcleo poético representado pola obra conxunta de 10 poetas, *De amor e desamor I* (1984), *II* (1985). Outras obras dos poetas deste grupo son: Xavier Seoane (A Coruña, 1954), *Poesía experimental* (1978) ou *Os bosques encendidos* (1981). Manuel Rivas (A Coruña, 1957), *Costa da morte blues* (temática mariñeira) (1955). Lois Pereiro (Monforte, 1956 – A Coruña, 1996), *Poemas 1981 – 1992* (estética punk, vangardista, pesimismo, temática sobre a morte –autopsias, mortos de tráfico...). É unha das voces máis individuais deste grupo. Miguel Anxo Fernán Vello (Cospeito, 1958), *Memorial de brancura* (erotismo) (1985) Pilar Pallarés (Culleredo, 1957), *Entre lusco e fusco* (1980), *Sétima soidade* (1984)
Outras voces	Darío Xohán Cabana (Terra Chá, Lugo, 1952), poeta representantivo da Terra Chá, ao estilo virxinialista como fixera Aquilino Iglesia Alvariño, *A patria do mar* (1989). Claudio Rodríguez Fer (Lugo, 1956), poeta que incorpora o erótico e os mitos do século XX á poesía, *A muller núa* (1992), *Cinepoemas* (1983), *Lugo Blues* (1987), *A boca violeta* (1987). Xosé Manuel Casado (Barcelona, 1949), poesía urbana co cine como referente cotián, *Libro de Caldelas* (1982). Ramiro Fonte (Pontedeume, 1957), *Pasa un segredo* (1988) Luís González Tosar (Bos Aires, 1952) descubriuse como poeta co libro titulado *A caneiro Cheo* (1986), Premio Esquío, onde destaca a intensidade lírica e a poderosa forza das imaxes, ademais do persoal manexo do léxico.	

A POESÍA DOS 90			
Caracterizacion externa	Xuventude dos poetas. Algúns gañaron premios poéticos case na adolescencia.		
	Aumento do número de escritores, significativamente mulleres, que reivindican unha escrita feminina.		
	Canles para a distribución	A través das editoriais	Consagradas como Xerais, Galaxia, Espiral Maior, Positivas, Tambo ou Bahía Branca.
		A través da rede	En edición informática.
			Vía revistas electrónicas.
		A través de follas voandeiras ou de revistas (*Feros Corvos, Valdeleite*) creadas polos propios autores; e doutras xa clásicas en Galicia (entre elas *Festa da Palabra Silenciada*).	
		A través de recitais poéticos en rúas, pubs, facultades..., lugares a onde os escritores levaron a poesía, co cal «popularizaron» o xénero.	
	Crecente número de premios literarios que dan a coñecer a estes autores e a súa poesía: Esquío, Espiral Maior, Leliadoura, Cómaros verdes...		
	Aumento de publicacións poéticas, principalmente antoloxías: *Novas voces da poesía galega* (2000), *Aracne* (2006).		
	Dinamización da palabra poética froito da súa crecente importancia: instauración do Día da Poesía Galega, celebración das «24 horas de poesía», ou apertura cara a Portugal.		
Caracterización dos poetas que escriben nos 90	Os máis novos na escrita en galego.	Son activistas sociais, dinámicos e provocadores. Eles mesmos crean editoriais, revistas sen afán de lucro ou móvense pola xeografía galega espallando a súa poesía. Están ligados, na súa maioría, a Compostela: María Lado (*Berlín*), Yolanda Castaño (*Elevar as pálpebras*), Lupe Gómez (*Azul estranxeira*), Enma Couceiro (*Cito*), Olga Novo (*A cousa vermella*), Mª do Cebreiro (*Atlas*), Rafa Villar (*Casa ou sombra*), Fran Alonso (*Persianas, pedramol e outros nervios*), Estevo Creus (*Teoría do lugar*), Chus Pato (*Charenton*) entre outros. Únense en colectivos para publicar (Poesía Escarlata coa obra colectiva *Xuro que nunca máis volverei pasar fame*).	
	Poetas consagrados que publican nos 90.	Xosé Luís Méndez Ferrín (*Erótica, Estirpe, Contra Maquieiro*); Miguel Anxo Fernán Vello (*Territorio da desaparición*); Arcadio López Casanova (*Herdo do canto*); Xavier Seoane (*Vagar de amor e sombra*); Román Raña (*A metamorfose do túnel*); Alfonso Pexegueiro (*O deserto de Nabalpam*); Mª Xosé Queizán (*Non o abras como unha flor*); Ramiro Fonte (*Cazador de libros*).	
	Outros autores	Que median entre os máis innovadores e os máis tradicionais: Xela Arias, Paulino Vázquez, Luisa Villalta, Manuel Outeiriño entre outros.	

Caracterización interna	Variedade temática	O amor, a dor existencial, a paisaxe cun tratamento renovado.
	Deconstrución dos tópicos literarios e subversión poética principalmente a través dun discurso feminino que cuestiona o amor, o sexo e os mitos femininos; a través dunha poesía comprometida co seu tempo, por veces circunstancial, e dunha poesía metaliteraria relacionada coa existencia humana.	
	Simplificación lingüística e simbólica para chegar a poemas minimalistas, aínda que hai excepcións e o poeta cae nun excesivo culturalismo e nunha linguaxe barroca que dificulta o significado do poema.	
	Transgresión dos xéneros literarios: poemas que son case pequenas narracións (Fran Alonso), poemas que son diarios (Xela Arias), ou poemas que son aforismos (Lupe Gómez).	
	Multidisciplinariedade dada a presenza do audiovisual na poesía ou a concepción da poesía como espectáculo (Antón Reixa ou Xavier Santiago).	